



UNIDADE 8

Guía de ocio

Móstralles aos seus estudantes a fotografía da páxina 65 e pregúntelles onde se atopan esas persoas (nun parque). Pregúntelles que actividades se poden levar a cabo nun lugar así: **estar cos amigos, pasear, xogar...** Recolla no encerado as actividades que lle digan e aproveite para introducir a palabra ocio (de ser necesario no seu contexto de aprendizaxe). Interésese despois polas actividades de ocio que practican os seus alumnos e alumnas.

Lea en voz alta o título da unidade e pregúntelles se saben a que se refire. Acepte as respostas que fagan referencia a calquera publicación (impresa ou dixital) que ten como obxectivo informar das actividades de entretemento que teñen lugar nunha cidade.

Por último, informe dos obxectivos e da tarefa final da unidade: planificar un día de ocio nunha cidade galega.



1. GUÍA DE OCIO

Buscar un lugar na Guía de ocio da cidade de Vigo para realizar unha serie de actividades concretas. Comparar os horarios de ocio galegos cos do propio país.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Dependendo do seu contexto de ensino, faga as adaptacións necesarias para levar a cabo os diferentes puntos da actividade.

ANTES DE EMPEZAR

Para que os seus estudantes poidan familiarizarse co novo, se os seus estudantes viven ou están en Galicia, pregúntelles: **Sáides a comer ou a cear a restaurantes con frecuencia? Fostes a moitos bares e discotecas? E ao cine?** Interésese polas diferentes vías que empregaron para conseguir información sobre as diversas propostas de ocio, os horarios, os prezos... Se vostede ensina fóra da comunidade galega, interésese de todos os xeitos polas cuestións anteriores.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles que van consultar dúas páxinas da *Guía de ocio da cidade de Vigo* e que teñen que intentar comprender a información que ofrece. Dígalles que busquen un lugar ao que ir en cada unha das doce situacións propostas.

Solución

1. O Castro, Odeón 2. Marco, Museo Etnográfico Liste, Casa das Artes 3. Gran Vía Cinemas 4. O Castro 5. A Colexiata 6. Marco 7. Tapas Areal 8. Cine Salesianos 9. Mesón do Deza, Tapas Areal 10. A Cova Céltica 11. Teatro Ensalle 12. A Cova Céltica.

B. Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se na cidade na que viven existe unha oferta similar á de Vigo. Anímeos/as a comentalo en parellas.

C. Se vostede ensina fóra de Galicia, pregúntelles se lles sorprenden os horarios de apertura e peche que figuran na *Guía de ocio*. Coménteno en clase aberta.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 119, exercicio 1.

2. DE VACACIÓNS

Comentar preferencias relacionadas coas vacacións. Relacionar unhas fotos cunhas testemuñas. Comentar os lugares e monumentos que visitaron.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se recoñecen algún dos lugares que aparecen nas fotografías. Os lugares

recoñecibles serían Bos Aires (Praza das Nacións Unidas, co Monumento Floralis Genérica), Berlín (Porta de Brandeburgo) e A Coruña (Domus).

PROCEDEMENTOS

A. Remítalles aos seus estudantes as diferentes opcións relacionadas coas vacacións que se ofrecen. Escriba no encerado: **Onde? Como? Cando? Con quen?** e pídalles que asocien cada unha desas preguntas cos diferentes puntos (de arriba a abaixo: **Onde?**, 3; **Como?**, 2; **Cando?**, 4; **Con quen?**, 1).

A continuación, anímeos/as a comentar en parellas as súas preferencias. Pode ler a mostra de lingua en voz alta para darlles un modelo de produción.

B. Dígalles que agora van escoitar unhas persoas que volveron das vacacións de Semana Santa. Pídalles que escriban en cada fotografía o número da conversación correspondente.

Solución



Faga logo unha posta en común e dea as respostas que non acertasen.

C. Anúncielles que van volver escoitar a gravación e que teñen que marcar quen fixo cada unha das actividades.

Antes de poñer en común a solución, permítalles comparar en parellas o que marcaron e, se fose preciso, pase unha segunda vez a gravación.

Solución

	1	2	3	4
Viron un partido de fútbol		x		x
Comeron moi ben	x			
Alugaron un coche				
Foron de compras		x		
Foron ao teatro			x	
Saíron de noite		x		
Foron en barco	x			

Estiveron en museos				x
Tiveron mal tempo			x	

D. Para rematar, pídalles que fagan unha lista dos países, cidades e monumentos que visitaron e que máis lles gustaron. Logo, vano comentar en parellas para comprobar se teñen experiencias comúns.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicios 6.



3. UN FRAGMENTO DE MENSAXE

Adiviñar de que cidade se fala nun texto. Observar o uso do pretérito e os marcadores temporais que o acompañan. Completar unha frase con información propia.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se os seus estudantes non teñen os coñecementos necesarios sobre a cidade de Lugo para resolver o punto **A**, pode suxerirlles que continúen coa actividade sen darlles a solución e animalos a atopar a resposta fóra da clase consultando a internet. Na seguinte clase, poden comentar como atoparon a resposta e calquera outro aspecto sobre a cidade que lles chamase a atención.

PROCEDEMENTOS

A. Presente a Mario, un mozo que por motivos laborais cambia de cidade con bastante frecuencia. Remita os seus alumnos e alumnas ao fragmento da mensaxe que Mario lle enviou a un amigo que vive no estranxeiro para falarlle da cidade na que vive agora e das cousas que fixo nela. Pídalles que lean o texto e que digan se saben de que cidade galega se trata.

Solución

Lugo

B. Pídalles que volvan ao texto e que observen as formas verbais que máis aparecen nel. Pregúntelles como se chama ese tempo verbal (pretérito) e faga que sinalen os marcadores temporais que indican os momentos nos que se produciron as diferentes accións. Pódeno facer en parellas para logo comentalo entre todos. Anídeos a comparar coas súas linguas por se nelas se empregasen diferentes tempos para referirse aos momentos do pasado que aparecen no texto.

Solución

este ano; o pouco tempo que levo aquí; esta fin de semana o sábado; o domingo; hoxe; esta mañá; pola tarde.

C. Por último, os seus estudantes teñen que completar as frases do cadro con información referida ao seu propio pasado. Todas elas comezan por un marcador temporal diferente. Déalles uns minutos e anídeos a comentar o que escribiron cos compañeiros e compañeiras.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 119, exercicios 3.

4. SAÚDOS DENDE BRASIL!

Ler unha postal. Observar o uso da perífrase *ir + infinitivo* para expresar plans e marcadores temporais para referirse ao futuro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade ofrécese a posibilidade de reflexionar sobre como expresar proxectos e plans en galego empregando a perífrase **ir + infinitivo**, xunto con certos marcadores temporais. Será, polo tanto, a primeira sistematización sobre a expresión de accións no futuro para moitos dos seus estudantes.

Aínda que non sexa obxecto de ensino directo nesta actividade, si pode ter en conta a referencia ao tempo meteorolóxico como obxecto de aprendizaxe, dada a aparición no texto de expresións dese ámbito (**o tempo é boísimo, se non chove**). Na sección “Máis exercicios”, propónse unha actividade para traballar este vocabulario.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que Iria, unha rapaza galega, está a pasar as vacacións en Brasil cun grupo de amigos. Anídeos/as a ler a postal que lle enviou á súa familia e a comentar cun compañeiro ou compañeira se o está a pasar ben ou mal (no texto non hai ningunha información que faga pensar que non o está a pasar ben).

B. Pregúntelles sobre que momentos da viaxe dá información Iria: sobre antes ou sobre despois de escribir a postal? (sobre antes, no primeiro párrafo; sobre despois, no segundo). Dirixa a atención dos seus estudantes sobre as informacións referidas ao futuro e pídalles que tomen nota do que vai facer Iria o resto das vacacións e cando.

Solución

Vai dar unha volta por río en autobús. Hoxe á tarde.

Vai visitar o Corcovado e o Cristo Redentor. Mañá.

Vai ir á praia de Paquetá comer nun rodicio e pasar o resto do día. Mañá.

Vai ir a unha festa na Asociación de Amigos do Camiño de Santiago do Río. Mañá.

Vai viaxar a Petrópolis. Nun par de días.

Vai coñecer Salvador de Bahía e Manaus. Para a semana.

C. Pregúntelles que estrutura verbal se emprega para referirse aos plans da viaxe e que a completen co verbo necesario (**ir**). Pode aproveitar para completar a conjugación de todas as persoas do presente dese verbo.

D. Pídalles agora que ordenen cronoloxicamente os marcadores temporais proporcionados. Teña en conta que a solución deste exercicio dependerá en moitos casos do momento no que se atopen ao poñer en práctica a actividade.

E. Para rematar, interérese polos plans dos seus estudantes para o futuro. Pídalles que escriban un ou dous plans que teñan e que os comenten cun compañeiro ou compañeira.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pode facer unha breve posta en común na que cada estudante lle conte á clase algún plan do compañeiro ou compañeira.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 119, exercicio 2.

Páxina 120, exercicios 4 e 5.



5. TODA UNHA VIDA

Analizar unha serie de feitos dende unha perspectiva persoal e clasificalos como algo relativo ao pasado, ao presente, ao futuro ou a algo que nunca se vai facer.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade propón unha reflexión sobre as experiencias persoais de cada un en relación cunha serie de feitos máis ou menos comúns na vida das persoas. A partir desa lista, os seus estudantes deberán dicir se se trata de algo que fixeron, que van facer, que están facendo nestes momentos ou que non cren que vaian facer.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que, en parellas, fagan unha lista das dez cousas que lles parecen máis comúns na vida dunha persoa, aquelas cousas que case todos experimentamos ou facemos nas nosas vidas. Dígalles que teñen tres minutos para completar a lista. Pode empezar dando vostede un exemplo: **namorarse**.

PROCEDEMENTOS

A. Manteña as parellas e pídalles que abran o libro pola páxina 70 e que comparen a súa lista coa do libro. A continuación, pregúntelles: **En cantas cousas coincidistes? Que parella escribiu a lista con máis coincidencias?**

B. Lea en voz alta o título da actividade e pídalles que cada un pense na súa vida e que clasifique cada un deses acontecementos. Escriba no encerado en catro columnas diferenciadas:
cousas que fixen

cousas que estou facendo
cousas que non fixen, pero que vou facer
cousas que, seguramente, non vou facer nunca

C. Distribúa os seus alumnos e alumnas en parellas e pídalles que comenten o que escribiron. Dealles uns minutos para facelo e, despois, faga unha posta en común na que cada un comente o que máis lle sorprendeu do compañeiro ou compañeira.

E DESPOIS

Pode propoñerlles que usen a súa intuición e que traten de clasificar de novo a información anterior pensando na súa vida (na de vostede). Déalles tempo para que o fagan en parellas ou en grupos de tres. Faga logo unha posta en común na que participen todos e todas. Déalles unha mostra de lingua, se lle parece conveniente:

- Nós pensamos que estudaches nun país estranxeiro.
- Si, é certo.

6. O MEU LOCAL FAVORITO

Falar dos seus locais de ocio preferidos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ofrécelle a posibilidade de practicar os recursos lingüísticos necesarios para falar de horarios e para describir un lugar ao que ir no tempo de ocio. Faga referencia ao concepto de **local**, xa que é un termo moi amplo que pode referirse tanto a unha discoteca, como a un bar musical ou incluso a un lugar onde se poida comer.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles o cadro do libro e pídalles que o completen individualmente. Na columna da esquerda, deben escribir a información referida ao seu local favorito na súa cidade; na da dereita, a referida a outra cidade.

B. Anímeos/as a compartir en clase aberta a información sobre os seus locais favoritos.

7. UNHA BOA DISCOTECA

Avaliar os coñecementos propios sobre a cidade ou vila onde se está a estudar galego e elixir algún lugar novo para visitar.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se algúns dos seus estudantes levan pouco na cidade e non tiveron oportunidade de coñecerla demasiado, pode dividir a clase en grupos e asignarlle a cada grupo un número de frases do cadro.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que avalíen os seus coñecementos sobre a cidade ou vila na que se atopan cun número do 1 ao 10.

PROCEDIMENTOS

A. Sinale o cadro da actividade e dígalles aos seus alumnos e alumnas que nel atoparán diferentes lugares aos que ir no tempo libre. Pídalles que o lean atentamente e que traten de enchelo coa información que coñezan sobre a cidade ou a vila na que están e os seus arredores.

B. Remítaos ao modelo de lingua proporcionado e anímeos/as a poñer a información en común co resto da clase.

C. Pregúntelles agora se despois de escoitar os compañeiros e compañeiras descubriron algún lugar novo. Pídalles que escollan un para visitalo e que decidan cando van ir para comentalo cos compañeiros e compañeiras.

8. GUÍAS TURÍSTICAS

Ler unha guía de ocio de Santiago de Compostela e organizar un día de actividades para un grupo de turistas.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se estiveron algunha vez en Santiago de Compostela. Anímeos a comentar todo o que saiban sobre a capital galega. Anote no encerado as palabras e as ideas que vaian dicindo e, despois, pregúntelles se algunha das fotografías da páxina 71 non está directamente relacionada coa cidade. Escoite as súas respostas e logo, de ser necesario, aclare que se trata da imaxe na que se ve o mar, xa que Santiago non está na costa (a imaxe está relacionada co texto, xa que neste propónense excursións á costa).

PROCEDIMENTOS

A. Escriba no encerado **grupo de xubilados** e pregunte: **Que tipo de actividades de ocio pensades que resultan máis adecuadas para un grupo destas características?** Deixe que digan unhas cantas cousas e despois pregunte se esas mesmas cousas serían adecuadas para un grupo de nenos e nenas.

A continuación, explíquelles que van organizar un día de actividades en Santiago de Compostela como se eles fosen guías turísticos. Distribúa os seus estudantes en grupos de 3 ou 4 e pídalles que escollan un grupo dos catro propostos no libro.

Despois, invíteos/as a ler individualmente o texto sobre Santiago. Indíquelles que poden ir marcando as actividades que lles parezan máis adecuadas para o grupo que elixiron. Cando rematen a lectura, teñen que poñer en común o que marcaron co resto de compañeiros e compañeiras de grupo para, entre todos, escoller logo as actividades e os horarios que programarán.

B. Dígalles que agora lle deben presentar a súa proposta ao resto da clase. Pódelles deixar uns minutos para que preparen a presentación e recordarlles que, ademais de comentar as actividades escollidas, teñen que xustificar o porqué das súas eleccións.

Durante as exposicións, anime os grupos a que fagan preguntas aclaratorias e a tomar notas para, cando remate unha presentación, comentar o que lles pareceu axeitado e o que non.

E DESPOIS

Propónalles aos seus estudantes, como traballo para a casa, buscar máis información na internet sobre Santiago de Compostela e a súa oferta de ocio. Nunha sesión posterior, poden comentar se atoparon outros lugares interesantes que non figuraban no texto do libro.



9. MÁIS MÚSICA

Coñecer algunhas das ofertas musicais en Galicia durante o verán.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Os acontecementos escollidos como contido desta actividade constitúen unha pequena pero representativa mostra do que sucede en Galicia, musicalmente falando, durante os meses de verán. Por un lado, a variedade de festivais dedicados a diferentes estilos; por outro, as numerosas festas en aldeas, vilas e cidades nas que as orquestras son a principal proposta musical.

A actividade está formulada de tal xeito que os seus estudantes se acheguen aos textos de dúas maneiras: a primeira, consiste en facer unha lectura en diagonal para atopar onde e cando se celebran os acontecementos propostos; a segunda, supón a realización dunha lectura máis profunda para coñecer mellor os detalles de cada un.

Pode resultar útil contar cun mapa de Galicia para localizar os lugares onde se celebra cada un dos acontecementos que aparecen na actividade.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se saben o que é unha orquestra. Escoite as súas respostas e asegúrese de que entenden que, ademais de relacionar o concepto coa música clásica ou o jazz, a palabra pode facer referencia a un grupo de músicos que percorren a xeografía dun país para interpretar en festas un repertorio, principalmente, de versións de éxitos populares.

PROCEDIMENTOS

A. Comente que en Galicia teñen lugar moitos acontecementos musicais durante o verán e que van ler información sobre tres deles. Remítaos aos textos e pídalles que atopen cando e onde se celebran. Pode formular a busca como unha competición: Quen atopa antes a información? Aclare que non deben ler en profundidade nin entendelo todo; só deben atopar a información que se lles pide.

Solución

IMAXINA SONS: do 21 de xuño ao 1 de xullo. Vigo.
Festival Internacional do Mundo Celta: xullo. Ortigueira.
Festas de Ribeira: agosto. Ribeira.

A continuación, pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se saben onde están eses lugares. Se conta cun mapa, deixe que o sinalen.

B. Pídalles agora que volvan aos textos e que os lean para decidir cal das propostas lles interesa máis. Déixelles uns minutos para que fagan unha lectura individual e axúdelles por se tivesen algún tipo de dúbida.

Despois da lectura, anímeos/as a atopar algún compañeiro ou compañeira ao que lle interese a mesma proposta. Cando atopen a alguén, deben deixar de buscar. Desta

maneira, formaranse parellas. Faga entón que cada parella comente os motivos polos que escolleron un acontecemento e non outro.

E DESPOIS

Anime os seus alumnos e alumnas a buscar na internet outras propostas musicais que teñan lugar en Galicia (pode ser no verán ou noutra época do ano) e a escoller unha en función dos seus intereses. Nunha sesión posterior, cada un pode facer unha breve exposición ante a clase sobre o acontecemento que escolleu. Pode suxerirlles tamén que elaboren unha pequena ficha coa información que expuxeron e con algunha imaxe, para confeccionar entre todos unha axenda de eventos musicais en Galicia. Poden pegar as súas fichas nunha cartolina e colocala nunha parede da aula.